



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana

Materia	Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana			
Código	O02M143V03212			
Titulación	Máster Universitario en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dpto. Externo Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Barriocanal López, María Yolanda			
Profesorado	Barriocanal López, María Yolanda Castro Fernandez, Belen Maria			
Correo-e	barriocanal@uvigo.es			
Web	<a href="http://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=1075">http://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=1075</a>			
Descrición xeral	A materia pretende dotar ao alumnado das ferramentas necesarias para a protección dos bens inmobles , partindo da propia evolución do concepto de Patrimonio nas distintas disposicións que o regularon, a súa necesidade de catalogación e a extensión da protección á contorna ou marco espacial dos monumentos. Por outra banda, tamén se aborda o estudo dos conxuntos históricos, os instrumentos de plan para a protección da cidade histórica e a súa posta en valor.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A4	Que os estudantes saiban comunicar de forma clara e inequívoca as súas conclusións -e o coñecemento e os motivos definitivos que o sustentan- para o público especializado e non especializado.			
B1	Adquirir a capacidade para diferenciar e valorar as diversas expresións do Patrimonio cultural, coñecer as ferramentas para a súa cuantificación e protección, así como as diferentes perspectivas que abordan a súa xestión.			
C8	Comprender os valores multifactoriais do Patrimonio Cultural e avalialo adecuadamente de acordo cos criterios de uso social.			
C11	Adquirir a capacidade de manexar ferramentas documentais e técnicas historiográficas para a caracterización do Patrimonio.			
C15	Coñecer e aplicar os procedementos e mecanismos para a valoración e protección do Patrimonio arquitectónico no seu contexto territorial e administrativo.			
D6	Saber transmitir de forma clara e inequívoca a un público especializado ou non, resultados da investigación científica e tecnolóxica ou o máis avanzado campo de innovación, así como os fundamentos máis relevantes sobre os que están baseados			
D9	Coñecer e xestionar a lexislación aplicable ao sector, coñecer a contorna social e empresarial e saber relacionarse coa administración competente integrando este coñecemento no desenvolvemento de proxectos de enxeñería e no desenvolvemento de calquera aspecto do seu traballo profesional.			

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer a evolución na protección do Patrimonio Arquitectónico desde a súa consideración como bens illados ata a súa integración nun contexto territorial.	A4 B1 C8 C11 C15 D6 D9
--	--

Atender tanto aos aspectos históricos, aos procedementos e mecanismos para a protección das contornas dos monumentos, como aos instrumentos e figuras para a súa tutela e conservación.	A4 B1 C8 C11 C15 D6 D9
---	--

## Contidos

Tema	
1. CONCEPTO E EVOLUCION DOS MONUMENTOS CONXUNTOS HISTORICOS NO MARCO NORMATIVO	e1.1. A valoración do patrimonio inmovible e a súa catalogación como instrumentos de protección. 1.2. Os camiños históricos como elementos vertebradores do territorio e o seu patrimonio.
2. PROTECCION DO PATRIMONIO ARQUITECTONICO E MONUMENTAL NA SÚA CONTEXTUALIZACION TERRITORIAL	2.1. O entorno dos monumentos
3. GRADOS OU CATEGORIAS DE PROTECCION DOS BENS INMOBLES	3.1. Bens de Interese Cultural. Bens Catalogados. Bens Inventariados.
4. O ORDENAMENTO NA DEFENSA DA CIDADE HISTORICA: PLANS DE URBANISMO E CATALOGOS URBANISTICOS	4.1. Planeamento urbanístico
5. HISTORIA E URBANISMO	5.1. Centros históricos e arquitectura contemporánea

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	4	0	4
Estudo de casos	0	23	23
Estudo previo	0	30	30
Seminario	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	1	1
Observación sistemática	0	15	15

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión introdutoria encamiñada a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar os contidos da materia, recursos dispoñibles e probas de avaliación.
Lección maxistral	Sesións para a exposición dos principais contidos teóricos da materia por parte do seu profesorado, coa axuda de medios audiovisuais, nas que os alumnos terán a posibilidade de asistir en forma de videoconferencia.
Estudo de casos	Análise de casos reais entre os propostos na materia que o alumno realizará de forma autónoma. Manterase a comunicación entre profesorado e alumnado a través de videoconferencia na sala virtual da plataforma Campus Remoto.
Estudo previo	Traballo autónomo do alumno mediante a preparación de lecturas relacionadas coa materia.
Seminario	Sesións para a exposición básica dos contidos da materia, asesoramento para o desenvolvemento das actividades e do proceso de aprendizaxe, co apoio dos medios de teleformación.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Ao longo do curso o profesorado manterá unha relación directa co alumnado co obxecto de titorizar e resolver as dúbidas sobre os contidos da materia, a metodoloxía a utilizar para a realización dos exercicios e revisión das probas de avaliación. O seguimento realizarase a través da aula Campus Remoto e correo electrónico.

Estudo de casos Seguimento personalizado do alumnado a través das titorías online, mediante os foros da plataforma Moodle, a sala virtual da plataforma Campus Remoto e o correo electrónico

Avaliación		Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Descrición			
Estudo de casos	Análise dun caso real entre os propostos na materia (Modalidad A ou B), coa finalidade de demostrar o dominio dos procedementos de catalogación e protección do patrimonio inmovible, así como da inserción da arquitectura contemporánea nos centros históricos. O resultado de aprendizaxe é: capacitar ao alumnado para o desenvolvemento de proxectos e traballos no ámbito patrimonial.	40	A4 B1 C8 D6 C11 D9 C15
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba tipo test (Cuestionario 1 e Cuestionario 2) sobre os contidos da materia para a avaliación das competencias adquiridas, que inclúe preguntas con distintas alternativas de resposta, utilizando as ferramentas de entrega nas datas programadas. Os resultados de aprendizaxe son: Coñecer a evolución na protección do Patrimonio Arquitectónico no seu contexto territorial e os procedementos e mecanismos necesarios para a súa protección	30	B1 C8 D9 C15
Observación sistemática	Se avaliará positivamente a participación do alumnado a través dos medios telemáticos nas distintas actividades virtuais propostas no desenvolvemento da materia. Os resultados de aprendizaxe son: capacitar ao alumnado para a sensibilización crítica e comprensión dos valores do Patrimonio.	30	A4 B1 C8 D6 C11 D9 C15

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Segundo o establecido no [Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado da Universidade de Vigo](#), do 2023, existen dous sistemas de avaliación que o alumnado poderá elixir: o preferente, que se aplicará por defecto, de **avaliación continua** (probos e actividades diversificadas que teñen lugar ao longo do cuadrimestre), e o denominado de **avaliación global** (exames e/ou entrega de traballos/exercicios a realizar nas datas oficiais de avaliación establecidas no calendario académico), que deberá ser expresamente solicitado polo alumnado interesado, e comunicado ao profesorado responsable no prazo máximo de 31 días desde o inicio do cuadrimestre.

As probas de **avaliación global** desta materia consistirán no seguinte: Estudo de casos (60%) e Resolución de problemas e/ou exercicios (40%).

O alumnado ten dúas convocatorias/oportunidades de avaliación. A primeira lévase a cabo durante o cuadrimestre de docencia. A segunda (ou de 2ª oportunidade) realizarase no mes de xullo, para o cal habilitarase de novo o acceso á plataforma docente.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

ALONSO GARCÍA, Julián, **La protección jurídica del Camino de Santiago en el ámbito de la Comunidad Autónoma de Galicia**, 1ª ed., Escola Galega de Administración Pública, 2000

CASTILLO RUIZ, A., **El entorno de los Bienes Inmuebles de Interés Cultural: concepto, legislación y metodología para su delimitación, evolución histórica y situación actual**, 1ª ed., Universidad de Granada, 1997

CASTILLO RUIZ, J., et al., **Patrimonio histórico y desarrollo territorial**, 1ª ed., Universidad Internacional de Andalucía, 2009

CORRIENTE CÓRDOBA, José Antonio, **Protección jurídica del Camino de Santiago: normativa internacional e interna española**, 1ª ed., Ministerio de Educación y Cultura, 1998

FARIÑA TOJO, José, **La protección del patrimonio urbano: instrumentos normativos**, 1ª ed., Akal, 2000

LOPEZ-YARTO ELIZALDE, Amelia (Coord.), **El Catálogo monumental de España (1900-1961)**, 1ª ed., Ministerio de Educación y Cultura, 2012

VILASECO, Xosé Ignacio et al., **Los planes especiales de protección de los conjuntos históricos de Galicia.**

**Planteamientos teóricos y resultados reales**, 1ª ed., Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2005

#### Bibliografía Complementaria

BECERRA GARCIA, Juan Manuel, **El planeamiento como instrumento para la protección de los conjuntos históricos**, 2000

BENSUSAN MARTIN, Mª del Pilar, **La protección urbanística de los bienes inmuebles históricos**, 2ª ed., Comares, 2016

NÁRDIZ ORTIZ, Carlos, **El territorio y los caminos de Galicia. Planos históricos de la red viaria**, 1ª ed., Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puerto, 1992

### Recomendacións

### **Outros comentarios**

---

A docencia da materia desenvolverase sempre de maneira telemática presencial, ben sexa síncrona ou asíncrona, utilizando a plataforma docente Moodle (MooVi) e participando nas actividades docentes a través de multivideoconferencia (Campus Remoto).

Para poder recibir a docencia de maneira efectiva, recoméndase, previamente ao comezo da materia, consultar o manual de acceso á plataforma e seguir as especificacións técnicas para poder asistir ás sesións remotas. É imprescindible que o alumno acceda á plataforma docente da materia previamente ao comezo da mesma.

---